



Cofinanciado por
la Unión Europea



MEMORIA VISITA PREPARATORIA

Università delle LiberEtà,
Udine (Italia)



Outubro, 2024



MEMORIA

Datos

Título da actividade: New Frontiers of Citizenship: For a Digital and Inclusive Europe

Data: 17 de outubro de 2024

Lugar: Università delle LiberEtà, Udine (Italia)

Centro participante: Escola Oficial de Idiomas de Ferrol (España)

Representación: Kerry Ann Mc Kevitt (Directora da EOI de Ferrol)

Introducción

A EOI de Ferrol participou na visita preparatoria Erasmus celebrada na Università delle LiberEtà en Udine (Italia), baixo o título "Novas Fronteiras da Cidadanía: Cara a unha Europa Dixital e Inclusiva". Esta actividade enmárcase no programa Erasmus+ e tivo como obxectivo principal establecer redes de contacto a nivel europeo que favorezan a internacionalización da EOI de Ferrol, así como explorar liñas de colaboración estratéxica con outras institucións europeas.

Obxectivos

- Establecer relacións de cooperación con centros educativos europeos.
- Diseñar estratexias para a internacionalización da oferta formativa da EOI de Ferrol.
- Identificar liñas de formación conxuntas no ámbito da cidadanía dixital e inclusiva.
- Crear un modelo de xestión formativa internacional colaborativo.
- Potenciar a participación en futuras mobilidades de alumnado e profesorado.

Participantes

No evento participaron representantes de diversas institucións educativas europeas, así como membros relevantes de administracións locais, rexionais e nacionais, tanto italianas como doutros países europeos. A representación da EOI de Ferrol estivo a cargo da súa directora.

CONTIDO

Durante a xornada abordáronse os seguintes temas clave:

- O meu compromiso con Europa
- A alfabetización dixital da cidadanía
- Inclusión dixital: experiencias e casos de éxito en cidades europeas
- A Rexión FVG en Bruxelas e o seu papel na representación europea



ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

A todas as persoas participantes proporcionóuselles información detallada sobre:

- O programa de visitas institucionais ao Parlamento Europeo en Bruxelas e Estrasburgo.
- O conxunto de actividades dixitais formativas ofrecidas no marco desta colaboración europea.



RESULTADOS

Un dos principais logros desta visita foi o establecemento das liñas xerais dun modelo internacional de xestión formativa, a través do cal os centros participantes poderán:

- Ofrecer formacións conxuntas para profesorado e alumnado.
- Abrir estas actividades á participación de persoas interesadas de calquera dos centros socios.

Así mesmo, elaborouse un documento colaborativo común, que seguirá operativo nos vindeiros anos e que demostrou ser unha ferramenta esencial para a planificación conxunta de actividades internacionais.

IMPACTO NA EOI DE FERROL

Esta visita tivo un impacto decisivo no desenvolvemento da dimensión internacional da EOI de Ferrol durante o curso 2024-2025. Como resultado directo desta actividade:

- Realizáronse 4 mobilidades de profesorado e 3 de alumnado, seleccionadas a partir do documento común elaborado.
- Acolleuse no noso centro 2 estadias de job shadowing de profesorado europeo.
- Recibiuse un grupo de 10 estudantes europeos, nunha experiencia de inmersión lingüística e cultural.

A visita ao Parlamento Europeo tamén foi xestionada no marco desta colaboración iniciada en Udine.



CONCLUSIÓN

LA participación nesta visita preparatoria representou un paso estratéxico para a EOI de Ferrol no seu proceso de internacionalización, facilitando alianzas sólidas, o acceso a experiencias formativas europeas de calidade e un entorno colaborativo enriquecedor. O modelo de cooperación creado permite albiscar novas oportunidades de crecemento para o profesorado e o alumnado nun contexto europeo, inclusivo e dixital.

